

2025

VOLVER (A) SER HUMANOS

*Being Human Again.
Regarding the Pain
of Others*

ante a dor dos demais

32
BIENAL
PONTEVEDRA

DO 21/6 AO 30/9

A Bienal de Arte de Pontevedra, a máis antiga de España, regresa do **21 de xuño ao 30 de setembro de 2025** despois de quince anos de ausencia.

Co lema “Volver a ser humanos. Ante a dor dos demais”, Pontevedra será un escenario vibrante de reflexión, debate e celebración da cultura contemporánea.

- > Aborda as pegadas que a guerra deixou na nosa identidade colectiva e como reconstruír a nosa humanidade a través da arte, da memoria e do pensamento.
- > Participan 60 artistas de 28 nacionalidades baixo o comisariado de Antón Castro.
- > A obra de artistas coma Olafur Eliasson, Hans Haacke, Susan Philipsz, Emily Jacir Antoni Muntadas, Idoia Cuesta, Marta Pazos ou Marina Núñez comparte espazo con referentes da exploración do sufrimento humano a través da arte: *Os desastres da guerra*, de Goya, e fotografías da guerra civil española.
- > A exposición percorrerá 12 sedes por toda a cidade de Pontevedra, co Museo de Pontevedra como eixe, incluíndo fachadas urbanas e igrexas góticas, entre outros espazos.
- > A programación comprende conferencias, conversas con artistas, un amplo programa de artes vivas, un ciclo de cinema, activacións de pezas e espectáculos.

Índice

Índice.....	3
Presentación	4
Saúdo do presidente da bienal	5
Saúdo do presidente da Deputación de Pontevedra	6
Historia da bienal	7
A 32.ª edición: Volver a ser humanos	10
O comisariado	12
Antón Castro. Comisario.....	12
Agar Ledo. Comisaria adxunta	13
Iñaki Martínez Antelo. Comisario de artes vivas.....	14

Presentación

A Bienal de Arte de Pontevedra é a bienal de arte contemporánea máis antiga de España.

Fundada en 1969 como certame de arte local, gozou dun rápido desenvolvemento durante a década dos oitenta e afianzou o seu *status* internacional a partir de 1990.

Ao longo dos anos noventa a Bienal de Pontevedra consolidouse como un evento artístico de prestixio nacional, que adaptou o seu formato para fomentar o crecemento dunha mostra que se converteu nunha cita obrigada dentro do circuíto da arte contemporánea española. A partir do ano 1998 comezou unha fase de apertura internacional, con comisariados de referencia na escena artística europea, e cuxa temática se abriu ao diálogo e á reflexión para alén das nosas fronteiras.

En xuño de 2025, tras quince anos de ausencia, regresa como un evento cultural internacional que busca celebrar a arte e fomentar o diálogo sobre a cultura contemporánea.

A Bienal de Arte de Pontevedra é un evento organizado pola Deputación de Pontevedra; en concreto, a través do Museo de Pontevedra desde 1991.

O museo, fundado en 1927 por iniciativa da Deputación, é unha institución cultural de recoñecido prestixio tanto polo seu labor investigador coma pola relevancia e heteroxeneidade dos seus fondos: pintura, escultura, fotografía, mobiliario, cerámica, fondos arqueolóxicos, etnográficos, documentais e bibliográficos. Actualmente conta con seis edificios situados no centro histórico da cidade.

Mediante a bienal promóvense, desenvólvense e difúndense os valores do Museo de Pontevedra en materia de arte contemporánea, xerando un diálogo enriquecedor cun dos museos cos fondos máis extensos de España, e ambos permítennos reflexionar de maneira permanente acerca da historia e da contemporaneidade, creando sinerxías inesperadas e enriquecedoras. Os edificios do museo están entre as principais sedes da Bienal de Pontevedra.

Saúdo do presidente da bienal



A Bienal de Pontevedra non volve; renace. E faino ao estilo dos grandes relatos, eses que, ao ser contados de novo, nos permiten ver a vida desde outra perspectiva. Durante demasiado tempo, o silencio ocupou o espazo onde antes habitaba a arte. Hoxe, neste 2025, a cidade volve a pronunciar o seu nome a través da creación contemporánea. Desde este recuncho bañado polo Atlántico, miramos de novo ao mundo, coa certeza de que a arte non só nos reflicte, senón que tamén nos transforma.

Esta bienal é máis que un evento: é unha afirmación de ideais. Reunimos artistas que desafían, que alzan a voz, que nos ofrecen outras formas de mirar. Porque a arte non pode manterse á marxe do sufrimento nin da beleza. Quixemos que esta edición fose profundamente humana, no sentido máis amplo da palabra: que fale do tempo que vivimos, que nos incomode e nos console, que cuestione as nosas certezas e nos convide a pensar doutra maneira. Nun mundo que se fragmenta, a arte pode ser o último que nos una.

5

Durante tres meses, Pontevedra será unha cidade sen límites; unha cidade que se pensa a través da arte e que atopa na cultura o seu mellor camiño cara ao futuro. Desde Santa Clara ata a illa das Esculturas, esta bienal traza un mapa emocional dos nosos territorios. Non concibimos a cultura como adorno nin como privilexio, senón como un dereito que une, que abre portas, que nos permite imaxinar o que aínda non existe. Esta bienal é un pacto: entre o que fomos, o que somos e o que queremos chegar a ser.

E reafírmome: non nos chega con organizar unha exposición. Aspiramos a que esta bienal acenda un diálogo que perdure máis aló de nós. Porque a arte, cando é verdadeira, non só decora os muros, atravésaos. En nome de Pontevedra, da Deputación e do Museo de Pontevedra, anímovos a mirar con outros ollos, a sentir con outra sensibilidade. Porque volver a ser humanos —como di o noso lema— é tamén volver a escoitar o eco dunha obra, a delicadeza dun trazo, a valentía dunha forma. Volver a ser humanos, si. E facelo todas e todos xuntos.

Rafa Domínguez
Presidente da Bienal de Pontevedra
Vicepresidente primeiro da Deputación de Pontevedra

Saúdo do presidente da Deputación de Pontevedra



Un regreso con vocación universal

A Bienal de Pontevedra non só regresa: rexorde. Faino logo de quince anos de silencio, cunha edición que honra a súa historia —é a máis antiga de España— e que, ao tempo, proxecta un futuro novo, internacional e vibrante. Esta bienal non se limita a ser unha exposición: trátase dunha declaración de principios, unha celebración da creación contemporánea e unha aposta decidida pola cultura como motor de transformación social, turística e económica.

Desde a Deputación de Pontevedra asumimos o reto de recuperar este evento emblemático coa convicción de que Pontevedra —cidade e provincia— ten todo o necesario para situarse entre os grandes escenarios culturais de Europa: talento artístico, espazos singulares, compromiso institucional e, sobre todo, unha sociedade que valora a cultura como ben común.

6

Con máis de sesenta artistas procedentes de vinte e oito países, esta edición da bienal trae un mapa global da sensibilidade contemporánea, desde a vangarda ata a memoria, desde a resistencia ata o coidado. As súas doce sedes —do Museo de Pontevedra ao convento de Santa Clara ou a illa das Esculturas— converten a cidade nun escenario expandido, aberto ao diálogo e á emoción. Pero esta bienal non queda na cidade: por vez primeira, levará as artes vivas a concellos pequenos e medianos da provincia, facendo da descentralización un principio activo da súa identidade.

Trátase dun proxecto que combina calidade artística e impacto social, vangarda internacional e pegada local; un espazo para a reflexión estética e tamén para o encontro humano. Conferencias, cine e conversas entre artistas conforman un programa paralelo, pensado para todo tipo de públicos, que amplifica o sentido profundo desta edición: “Volver a ser humanos”.

Un regreso da bienal a Pontevedra que non sería posible sen o traballo e a visión do vicepresidente da Deputación e artífice desta volta da arte á cidade, Rafa Domínguez, así como do equipo do Museo de Pontevedra, que posibilitaron este renacemento con paixón e rigor. Grazas tamén a todas as persoas e entidades que o fixeron realidade.

Con esta bienal, Pontevedra ábreille as súas portas ao mundo, o cal atopará aquí unha terra creativa, viva e acolledora. Benvidas e benvidos a este reencontro coa arte. Benvidas e benvidos á Bienal de Pontevedra.

Luis López
Presidente da Deputación de Pontevedra

Historia da bienal

A Bienal de Pontevedra xurdiu en 1969 por iniciativa da Deputación de Pontevedra a partir do labor de promoción artística que a entidade desenvolve ininterrompidamente desde o século XIX, especialmente desde 1925.

A idea era reunir nunha exposición conxunta toda a arte realizada na provincia, o que lle deu orixe á I Bienal de Arte, en 1969. Nesta primeira ocasión convidáronse artistas que traballaban as diferentes técnicas: óleo, acuarela, debuxo, gravado e escultura. O amplo abanico de participación fixo necesaria unha selección previa, tras a que se expuxeron obras de 56 autores.

1969-1977

Durante a primeira etapa traballouse nunha mellora continua da bienal e ampliouse o seu ámbito territorial. En 1974 comezaron a expoñer artistas internacionais.

1977-1981

Nestes anos leváronse a cabo diversos cambios na súa estrutura, que atravesou un período de maduración e profesionalización.

Foi unha fase de adaptación aos cambios culturais e sociais que se estaban dando en España, de evolución cara a un formato máis esixente e aberto ás novas tendencias.

1982-1986

A bienal estableceuse como referente na escena artística nacional coa realización de mostras de referencia arredor da arte española da segunda metade do século XX e co fortalecemento da arte internacional.

O ano 1982 marca a fin da estrutura competitiva, cunha exposición centrada na escena da movida, e en 1983 ponse o foco na posmodernidade, cunha mostra centrada na pintura española dos oitenta e unha singular exposición de *mail art* (arte postal).

A partir de 1991 e ata 2010 prodúcese o auxe da bienal. O Museo de Pontevedra, que xa era responsable dalgunhas mostras antolóxicas dedicadas a artistas locais desde 1989, pasa a ocuparse da súa xestión, sempre baixo o paraugas da Deputación.

1992

Baixo a dirección e coordinación do Museo de Pontevedra celebrouse a XXII Bienal, dividida en tres mostras:

- > Unha exposición central titulada *Semellanzas e contrastes. Visións da arte peninsular da última década a través de tres coleccións*, con obras seleccionadas procedentes das coleccións Fundación Calouste Gulbenkian, Unión Fenosa e Asociación de Arte Contemporánea de Madrid.
- > Unha antolóxica dedicada a Manuel Quiroga Losada (1892-1961).
- > Unha exposición retrospectiva da mostra *Novos Valores 1982-1991. Memoria dunha década*.

1994

A XXIII Bienal compúxose de catro mostras simultáneas:

- > Unha exposición central dedicada a Juan Uslé, titulada *Namste*.
- > *Novos mestres alemáns*. Colección Grothe. Museo de Arte de Bonn, no Pazo provincial.
- > Unha antolóxica centrada en Virxilio Blanco, realizada no Museo de Pontevedra.
- > *Áreas de silencio*, que tivo lugar no Teatro Principal de Pontevedra.

1996

Para a XXIV Bienal programáronse cinco exposicións:

- > *Joaquín Torres García. Obra constructivista*.
- > Unha antolóxica dedicada ao escultor vigués Camilo Nogueira.
- > *Reencontro con Leopoldo Nóvoa. Ausencias e cinzas*.
- > *Ausencias e cinzas; materias, memorias. Dez artistas de América Latina*.
- > *Os paseos de Euclides*.

8

1998

A partir deste ano a Bienal de Pontevedra afianzou o seu prestixio coa súa evolución cara a unha serie de exposicións acordes co momento de esplendor que vivía o interese pola arte contemporánea.

Baixo a coordinación do Museo de Pontevedra e a dirección de Xosé Carlos Valle, nas diferentes edicións convidouse a destacadas e destacados comisarios independentes e críticos internacionais para facerse cargo das exposicións da bienal que, ata a súa desaparición en 2010, situaron este evento como unha referencia na escena da arte contemporánea internacional. Esta estendeuse pola cidade e ocupou novas sedes coma o Pazo da Cultura primeiro e o Edificio Castelao do Museo despois.

A XXV Bienal, co título “Fisuras na percepción”, foi comisariada por Miguel von Hafe Pérez e Alberto González Alegre.

2000

María de Corral fíxose cargo da XXVI Bienal, na que, co título “O espazo como proxecto, o espazo como realidade”, expuxeron artistas de Brasil, España e Portugal.

2002

Repetiu como comisaria María de Corral na XXVII Bienal, nesa ocasión baixo o lema “Narrando espazos, tempos, historias”. Unha edición na que se exhibiron obras da vangarda da arte nórdico (Islandia, Dinamarca, Suecia, Finlandia e Noruega) e peninsular (España e Portugal), para mostrar como a arte une pobos e xentes tradicionalmente vinculados ao mar, á pesca e á presenza constante da natureza.

2004

Miguel von Hafe e David G. Torres comisariaron a XXVIII Bienal, “No principio era a viaxe: *In the beginning there was the journey*”, na que ao explorar este concepto se creou un paralelismo coas conmemoracións do Xacobeo, coas que se celebra unha das máis importantes peregrinacións humanas.

2006

Victoria Noorthoorn comisariou a XXIX Bienal, titulada “*Off/Fóra: movementos imaxinarios entre Galicia e o Cono Sur*”, na que se xerou unha historia sobre as migracións, que abriu un diálogo entre Galicia, Arxentina, Chile e Uruguai.

2008

O comisario da XXX Bienal foi Abdelkrim Ouazzani. Co título “Sen fronteiras: converxencias artísticas hispano-magrebís”, dedicouse a tres países do Magreb (Tunisia, Marrocos e Alxeria). O seu tema xenérico foi o multiculturalismo, a polietnicidade e a integración. Foi a primeira vez que unha bienal en Europa dedicaba un certame monográfico ao Magreb.

2010

A XXXI Bienal, comisariada por Santiago Olmo co título de “Utrópicos”, realizou unha mirada ao universo de Centroamérica e o Caribe, con referencias a temas coma o exilio e a emigración, a través dos traballos dun centenar de artistas americanos e figuras da plástica galega coma Maruja Mallo, Arturo Souto ou Francisco Leiro.

A 32.^a edición: Volver a ser humanos

“A verdadeira cultura humanista é aquela que nos ensina a vivir en harmonía con nós mesmos, cos demais e co mundo...

A arte de ser humanos é unha chamada para servirle á vida, poñerlles fin ao odio e ao medo”

Rob Riemen

“A guerra racha, desgarrar. A guerra rompe, destripa. A guerra abrasa. A guerra desmembra. A guerra arruína”

Susan Sontag

A historia da humanidade estivo marcada pola guerra, un fenómeno que deixou fondas pegadas na nosa identidade colectiva. En conflitos actuais coma o de Rusia e Ucraína, os enfrontamentos en Gaza, Líbano, Sudán ou Malí, entre outros, a violencia segue afectando millóns de persoas. Na súa 32.^a edición, a Bienal de Pontevedra aborda estes temas, analizando as guerras non só como combates bélicos, senón como crises que destrúen o tecido social, emocional e económico das sociedades. Inspirada en pensadores coma Rob Riemen e Susan Sontag, a exposición propón que, para superar estes conflitos, os seres humanos deben “volver a ser humanos”, recuperar a súa capacidade de reflexión e empatía. A través da arte, da espiritualidade e da imaxinación, esta exposición busca ofrecer unha resposta de esperanza e convidar á reflexión e á curación colectivas.

10

Así pois, a arte, a espiritualidade, a maxia e a imaxinación preséntanse como ferramentas esenciais para reconstruír o que a guerra tentou destruír. Mediante metáforas, símbolos e narrativas alternativas, preténdese tender pontes entre as diversas experiencias humanas, entre as fronteiras do visible e do invisible, do real e do imaxinado. O obxectivo é crear un raio de esperanza que impulse a humanidade a reencontrarse consigo mesma, a reconstruír un futuro onde a guerra non sexa o destino, senón a superación da escuridade a través da luz, do amor e da verdade. Só mediante este exercicio de retorno ao humano, o rescate da memoria e unha comprensión profunda, podemos aspirar a un mundo no que a guerra non sexa a resposta, senón o recordatorio dunha crise que nos ensinou a importancia de ser humanos. Máis aló das guerras, ese “volver a ser humanos”, exposto por Riemen en resposta aos conflitos, sitúanos no contrapunto que se dirime entre o humanismo e o posthumanismo, inicio e fin da exposición.

Ao longo dunha decena de espazos repartidos por toda a cidade, a bienal propón un cruzamento de voces e linguaxes e fomenta un diálogo entre a violencia e a paz, as migracións e os exilios, así como entre a escuridade da guerra e a luz da esperanza. Máis de sesenta artistas de diversos países, incluídos algúns de zonas en conflito, participan con obras que abordan temas coma a espiritualidade, o amor, a tolerancia, a verdade e a utopía. A exposición comeza con *Os desastres*

da guerra, de Goya, unha serie que establece as bases para explorar o sufrimento humano e as formas de resistencia fronte á violencia. Nos diferentes espazos preséntanse obras contemporáneas que tratan a guerra desde diferentes perspectivas e empregan metáforas e símbolos que convidan á reflexión sobre como reconstruír a nosa humanidade a través da arte, da memoria e do pensamento. E máis aló da guerra, a súa resposta, “Volver a ser humanos”, na súa esencia máis pura —o humanismo—, non só promove unha visión do mundo, senón que aspira a transformar a nosa relación co universo nunha danza harmónica entre todos os seres e a súa contorna. É unha proposta que vai máis aló do individuo, que avoga por unha educación que nutra espiritualmente e desenvolva integralmente o ser humano, no seu contacto co transcendental e co cotián. Nun espectro diametralmente oposto, o transhumanismo eríxese como o intento por transcender as nosas limitacións biolóxicas a través da tecnoloxía, utilizando ferramentas coma a intelixencia artificial e a biotecnoloxía para reconfigurar a nosa natureza, modificando as nosas capacidades físicas e mentais coa promesa dun futuro mellor.

Ambos os movementos, aínda que disímiles nas súas aproximacións, nótrense dos valores da Ilustración, coma o coñecemento e o progreso, pero os seus camiños difiren radicalmente. Mentres que o humanismo mantén unha mirada holística, que ancora no espiritual e no ético, o transhumanismo aposta por un futuro cimentado na ciencia e na tecnoloxía. A memoria e a tradición, alicerces que as dúas correntes valoran, abórdanse desde perspectivas contrapostas: o humanismo mira cara ao pasado en busca de valores morais e unha relación máis respectuosa coa natureza, mentres que o transhumanismo, na súa procura de solucións tecnolóxicas, trata de proxectar un futuro no que a sostibilidade e a ecoloxía se xestionan como problemas que resolver desde a innovación técnica.

Antón Castro
Comisario

Agar Ledo
Comisaria adxunta

O comisariado

Antón Castro. Comisario



Antón Castro é catedrático de Arte Actual da Universidade de Vigo (UVigo) e membro de AICA-France, a Asociación Internacional de Críticos de Arte de París. Foi profesor de arte contemporánea e profesor visitante e impartiu mestrados e cursos en diferentes facultades universitarias, coma nas de Belas Artes e Ciencias Sociais da UVigo, no Instituto Superior de Arte da Habana, na Escola Comunitaria de Queensborough (Universidade da Cidade de Nova York), na Facultade de Belas Artes de Salamanca, na Universidade de Milán e anteriormente en París, onde viviu na década dos oitenta. Foi director de diferentes cursos da Universidade Internacional Menéndez Pelayo, os dous últimos (2013 e 2014) sobre o “Primeiro Picasso”.

Foi director do Instituto Cervantes de Milán (2004-2008) e do Instituto do Patrimonio Cultural de España do Ministerio de Cultura (2008-2010). Foi membro dos padroados da Alhambra de Granada, do Arquivo de Indias, da Fundación Lázaro Galdiano e de Obras Pías, entre outros. Ademais, forma parte do Comité Asesor do Centro Galego de Arte Contemporánea.

É colaborador habitual en suplementos culturais e revistas de arte, pensamento ou literatura, coma *Lápiz* (Madrid), *Beaux-arts magazine* (París), *Flash Art* (Milán), *Contemporánea* (Nueva York), *Coloquio Artes* (Lisboa), *Goya* (Madrid), *Il confronto letterario* (Universidade de Pavia), *Tintas* (Universidade de Milán), *Arts* (MPDI AD, Basilea), *Arte*, *Individuo y Sociedad* (Universidade Complutense de Madrid), *Ars Longa* (Universidade de Valencia) ou *Quintana* (Universidade de Santiago de Compostela), entre outros. Comisariou máis de dúascentas exposicións en España, Francia, Alemaña, Portugal, Italia, Croacia, Bulgaria, diversos países latinoamericanos e Estados Unidos. A última delas, *Picasso blanco en el recuerdo azul*, no marco do 50 aniversario da morte do pintor (1973-2023).

Agar Ledo. Comisaria adxunta



Agar Ledo Arias é historiadora da arte Pola Universidade de Santiago de Compostela e técnica de procesos de investigación no Museo de Pontevedra. Entre 2019 e 2022 traballou como comisaria e asesora de adquisicións no Departamento de Coleccións do Museo Reina Sofía, onde formou parte do equipo curatorial da mostra *Vasos comunicantes. Colección 1881-2021*. Previamente, entre 2006 e 2018, dirixiu e coordinou exposicións de diferentes artistas (Tino Sehgal, Thomas Hirschhorn, Martin Creed, Tania Bruguera, Teresa Margolles...) no Museo de Arte Contemporánea de Vigo.

13

Comisariou exposicións de artistas coma Ánxel Huete, Grace Schwindt, Gintaras Didžiapetris, Patricia Esquivias, Pedro Barateiro, Carlos Bunga ou Diego Santomé, ademais de propostas centradas na análise da produción cultural en Galicia e nas implicacións sociais e políticas que rodean a práctica artística.

Cun mestrado en Museoloxía (Universidade de Alcalá) e outro en Arte e Política (Goldsmiths, Universidad de Londres), realizou estancias de formación no Museo de Arte Fred Jones Jr. (Norman, Oklahoma, Estados Unidos), en Le Consortium (Dijon, Francia), no Museo de Arte Contemporánea de Lyon (Francia) e no Independent Curators International, ICI (Nova York).

A súa carreira profesional transcorreu en espazos coma a 1.ª Bienal Internacional de Arte Contemporánea de Sevilla (2004), a Fundación Luis Seoane (A Coruña, 2005) ou o Centro Galego de Arte Contemporánea (Santiago de Compostela, 1998-2004), de cuxo Consello Asesor forma parte como vogal. É membro do Consello de Redacción da revista *Grial* (Galaxia, Vigo) e do Comité Asesor dos Museos da Área de Cultura do Concello de Málaga.

Iñaki Martínez Antelo. Comisario de artes vivas



Iñaki Martínez Antelo (1969, Santiago de Compostela) é licenciado en Arte Contemporánea pola Universidade de Santiago de Compostela e conta cun mestrado en Estética pola Universidade Autónoma de Madrid. Tras o seu paso polo Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), polo Auditorio de Galicia e por Casa Asia, foi director do Museo de Arte Contemporánea de Vigo desde 2005 ata 2017. Foi presidente da Asociación de Directoras e Directores de Arte Contemporánea de España e formou parte do comité da colección DKV. Foi xurado de numerosos galardóns, coma o Premio Nacional de Artes Plásticas ou o Velázquez, entre outros moitos, e desde 2016 é membro do xurado do Premio Cervezas Alhambra. Ademais, acaba de incorporarse ao Comité de Adquisicións de Es Baluard, o Museo de Arte Contemporánea de Palma de Mallorca.

14

Entre os comisariados máis recentes, destacan o de Angela de la Cruz en Casal Solleric de Palma de Mallorca (2025) ou o do ciclo Infiltracións no Museo de Pontevedra (2024-2025), ademais de *Lazos mecánicos* no Museo Artium de Vitoria (2024-2025); a mostra de Vasco Araújo na Fundación DIDAC (2024); *Océano mar* no Centro de Cultura Contemporánea Conde Duque de Madrid (2023); *El bosque del Prado* (2022), de Mainer López, no Real Xardín Botánico de Madrid; *Sons improbábeis* (2022) e *Mirar o son* (2020), no Auditorio de Galicia; e *La Ribot. Manual de uso* (2020), no CGAC. En 2020, fundou a Cooperativa Performa, desde a que realiza proxectos coma Plataforma, o festival de artes performativas, en Santiago (2020-2025) e Santander (2024-2025), comisariados coma *O museo como escenario* (2022) ou *Accións peregrinas* (2021), de Pilar Albarracín, no CGAC, entre outros proxectos.